



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Cámara Oficial Mineira de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para a realización dunha serie de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Cámara Oficial Mineira de Galicia, corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a redacción de estudos e traballos e o establecemento e desempeño dos servizos que se estimen necesarios, útiles ou de proveito para os intereses xerais da minería.





Para a consecución destes fins, a COMG considera de gran interese a realización dunha serie de programas de actuación, en materia de comunicación, de asesoramento, información e documentación ao sector mineiro e de promoción social e cooperación con outras entidades.

Que a tal fin, na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, figura a aplicación orzamentaria nominativa 09.20.734A-481.0 para o desenvolvemento do presente Convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

